

**TRIBUNAL DE SELECCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DA CATEGORÍA PROFESIONAL TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE FOTOCOMPOSICIÓN, GRUPO III, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE FEBREIRO DE 2024.**

O tribunal de selección, reunido en sesión extraordinaria celebrada o 04 de outubro de 2024, acordou darlle publicidade aos seguintes acordos:

**1. Celebración da proba de lingua galega. Celga 3**

De conformidade co previsto no punto 3.3 e no anexo I da resolución do 29 de febreiro de 2024 pola que se convocan probas selectivas para cubrir unha praza de categoría profesional de técnico/a especialista de fotocomposición, grupo III, pola quenda de acceso libre, o tribunal acordou, por unanimidade, fixar a celebración da proba o día 23 de outubro de 2024, ás 11:00 horas, na Sala de Xuntas (2º andar) da Vicerreitoría de Política Científica (Edificio CACTUS), situada no Campus Vida en Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes convocadas para a realización do exercicio son as seguintes:

Apelidos	Nome	NIF
Dosil Martínez	Juan José	***7920**
Ramírez Salgado	Antonio Luis	***3600**

**2. Puntuación necesaria para superación do proceso selectivo.**

O tribunal, por unanimidade, acordou que para considerar superado o primeiro exercicio selectivo as persoas aspirantes deberán acadar o resultado de apto.

**3. Realización da proba.**

As persoas aspirantes deberán asistir provistas dun documento oficial vixente que permita a identificación: DNI, NIE, pasaporte ou permiso de conducir. Para a realización da proba, empregarase bolígrafo azul ou negro.

**4. Criterios de corrección.**

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 3, tal e como se establece na Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).

O nivel correspóndese tamén co nivel B2 do Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elas ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

### **Proba escrita**

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

### **Proba oral**

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a produción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado

O presidente do tribunal  
Isolino Castiñeiras Vázquez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ISOLINO CASTIÑEIRAS VAZQUEZ, NIF \*\*\*3929\*\*, 18/10/2024 11:46:30.

CSV: 1DB2-A39C-46F1-B9D9